

ADMISIÓN DO ALUMNADO

2014 - 2015

Para iniciar estudos na Escola de Imaxe e Son de Lugo (CPR TIC) será necesario estar en posesión da titulación¹ esixida para o acceso á formación profesional de grao superior.

Os solicitantes de novo ingreso ao primeiro curso e ao segundo curso, que reúnan os requisitos, presentarán a solicitude de admisión no prazo ordinario.

Do total de postos dispoñibles un 20% ofrecerase a quen teña superada a proba de acceso a grao superior.

De non existiren postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes, terá prioridade o alumnado que²:

- A) Cursase a modalidade de bacharelato que se determine para cada ciclo³
- B) Cursase alguna das modalidades de bacharelato distinta.
- C) Dispoña do título de técnico superior ou equivalente.
- D) Dispoña dunha titulación universitaria ou equivalente.

Dentro de cada colectivo a orde de prioridade virá determinada por:

- 1- Maior nota media no expediente académico⁴
- 2- Sexo menos representado na área profesional na que se demande a praza de formación⁵
- 3- De persistir o empate, resolverase mediante entrevista ou sorteo público.

Unha vez finalizado o prazo de preinscrición, e no caso de ser maior o número de solicitudes presentadas que o de prazas ofertadas, as solicitudes serán valoradas e farase público o listado de solicitantes admitidos, así como a lista de solicitantes en espera e de solicitantes excluídos que resulte da aplicación dos criterios preferentes fixados para o acceso.

Os solicitantes admitidos deberán formalizar matrícula no prazo establecido, entendéndose que de non facelo renuncian á súa praza, que será adxudicada ós solicitantes en lista de espera.

Unha vez rematado o prazo de matrícula ordinaria, e no caso de existir vacantes, renuncias ou baixas, ás prazas resultantes adxudicaranse entre os novos solicitantes por orde de entrada da solicitude.

¹ Real Decreto 1538/2006, de 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo

Para acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional requírese dispor do título de bacharel establecido na citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Poderase acceder aos ciclos formativos de grao superior con estas titulacións ou con estes estudos superados:

- a) Título de bacharel establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- b) Segundo curso de calquera modalidade de bacharelato experimental
- c) Curso de orientación universitaria (COU) ou preuniversitario (PREU).
- d) Título de técnico especialista, de técnico superior ou equivalente para efectos académicos.
- e) Titulación universitaria ou equivalente para efectos académicos.

Tamén poderán acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional, as persoas que tivesen aprobado a correspondente proba de acceso prevista no artigo 41.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, desenvolvida no artigo 24 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, ou quen teña superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

² Punto 2 do artigo 9 da Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

³ Para o Ciclo Superior de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos e para o Ciclo Superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos determínase a modalidade de Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía. Resolución do 12 de xuño de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

⁴ Para o cálculo da nota media do expediente aplicarase o procedemento fixado no artigo 21.6 da Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

⁵ Artigo 9 da Orde de 5 de xuño de 2007, "co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación"